



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproba e publica a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (código de procedemento ED003A)

Mediante Resolución do 7 de xaneiro de 2025, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia correspondente ás seguintes especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (590) (Código de procedemento ED003A):

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
590107	Informática
590124	Sistemas electrónicos
590125	Sistemas electrotécnicos e automáticos
590206	Instalacións electrotécnicas
590227	Sistemas e aplicacións informáticas
590231	Equipos electrónicos

Mediante resolución do 23 de xaneiro de 2025 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse e publicouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no citado procedemento.

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base novena da citada convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral,

Resolve:

Primeiro. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas anteditas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario.





Segundo. De acordo co disposto na base novena da convocatoria pola que se acordou a apertura deste procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán, contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, formular un recurso de reposición que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "recurso de reposición", accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

